

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020 CEIP PARADA - CAMPAÑÓ

CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: Educación Artística (Educación Musical)
DATA: 13 de maio do 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCLC, CCL
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CCEC, CAA, CD
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.	EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	CSC, CAA
B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	CCEC, CSC
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías, adecuando o movemento corporal coa música.	CCEC, CSC

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Intercambio de información coas familias e observación directa das tarefas realizadas para o posterior reflexo na lista de cotexo e no rexistro anecdótico.</p>
	<p>Instrumentos: Revisión das tarefas realizadas que enviará o alumnado, ben en formato de audio, vídeo ou impreso, que se reflectirán na lista de cotexo e no rexistro anecdótico.</p>
Cualificación final	<p>Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación <i>poderá</i> verse mellorada pola entrega de traballos realizados polo alumnado na 3ª avaliación (en ningún caso <i>poderá</i> verse diminuída). A 3ª avaliación servirá para subir a nota do alumnado nunca para prexudicalo.</p> <p>1ª avaliación 45% + 2ª avaliación 45% + 3ª avaliación 10%</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Obradoiro de manipulación sonora: construción dun instrumento musical. - Obradoiro de escoita: realización de audicións con ou sen musicograma. - Obradoiro de práctica vocal e instrumental: execución de cancións e instrumentacións. - Obradoiro de danza: realización de danzas e coreografías. - Obradoiro de xogos: realización de xogos e actividades interactivas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Partiremos dunha metodoloxía globalizada, coordinando co/coa titor/ora de cada curso. Buscando tarefas motivadoras. Aumentando o traballo a quen o require e diminuindo a quen non ten posibilidade ou ten un ritmo máis baixo de traballo.</p> <p>As tarefas estarán propostas a través dunha carpeta compartida en Google Drive, que tamén está compartida na web do colexio. A entrega dos traballos será mediante correo electrónico.</p> <p>É importante salientar que se realizarán tutoriais e explicacións minuciosas para facilitar a súa realización, podendo realizarse chamadas ou videoconferencias para guiar o proceso.</p>
Materiais e recursos	Material funxible, cancións, vídeos, xogos interactivos e fichas.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Remitirase a información sobre esta adaptación das programacións do 3º trimestre ás familias a través do centro, indicando onde poden consultalas. Neste caso, dende as diferentes titorías de primaria será a través dos medios que elixira cada unha para facelo.
Publicidade	Publicación na web do centro